



CONTACTO



info@anpamontedomuino.es



Rúa Fragas do Eume S/N. Mesoiro
(A Coruña)

@anpamontedomuino

www.anpamontedomuino.es



Benvidos

ANPA MONTE DO MUIÑO

SOBRE NÓS

A ANPA Monte do muiño xurde co fin de poder axudar na conciliación das familias. Medrando pouco a pouco cara a unha atención máis integral dos nosos nenos e nenas, as familias e o propio centro, desenvolvendo iniciativas como:

- Festas para os pequenos e pequenas
- Colaboración con organizacións sen ánimo de lucro
- Actividades conmemorativas, como por exemplo: o Día da Muller, o Día da Árbore, o Día do Libro...
- Promoción de charlas e coloquios para o alumnado e as familias..
- Representación y participación no Consello Escolar.
- Solicitude de subvencións para desenvolver o maior número de actividades.
- E moitas outras labores: contables, administrativas, etc

SERVIZOS

Como centro público, existen unha serie de servizos que, de non ser xestionados pola ANPA, non existirían. Os cales son:

CAMBIACUEIROS: Un servizo pensado para a tranquilidade das familias, non tendo que vir cambiar os nenos e nenas ao centro. Disporán dunha muda no cole, para tal fin, e dende o centro chamarase para que os cambien. É un servizo con cota mensual e un custo por cada intervención.

MADRUGADORES: Horario de 7:30 a 9:00, pode ser con ou sen almorzo.

COMEDOR:

Horario: 14:00 a 16:00.

Saída: 15:30 a 16:00 (quenda única).

O alumnado que permaneza en actividades extraescolares no horario consecutivo á saída do comedor, pasará directamente á actividade.

EXTRAESCOLARES: Ofértanse actividades para tódolos grupos de infantil e primaria, de diferente natureza, cunha ampla oferta e variedade de prezos.

Horario: 16:00 a 17:00 ou de 17:00 a 18:00.

Exemplos: Judo, Cociña, Fútbol, Patinaxe, Baile, Manitas, etc.

CAMPAMENTOS: Co fin de axudar na conciliación, promóvense campamentos dentro do centro, para períodos non lectivos.

Estate atentos ás novas da nosa web para ampliar e estar ao tanto de toda a información.

Nota: As actividades extraescolares, campamentos e servizos levaráanse a cabo unicamente no caso de conseguir un mínimo de inscricións.

Os servizos de comedor, madrugadores e cambiacueiros, están suxeitos o regulamento que podedes consultar na web (Documentos ANPA).

IMPORTANTE: Para os servizos de comedor, madrugadores e cambiacueiros é preciso rexistrarse na web de jardany (normalmente no mes de Agosto)

FAITE SOCIO

A ANPA é unha organización sen ánimo de lucro que, como tal, obtén os seus ingresos das cotas anuais e , en menor medida, de doazóns e subvencións

Sen a vosa axuda non poderíamos desenvolver ningunha das actividades, por iso é importante para nos que sexades socios.

Cota de socio:

- 30 € por familia e curso escolar.

Como facerse socio: Fácil! Escanea este QR ou accede á url:

www.anpamontedomuino.es/faite-socio

¡ESPERÁMOSVOS!

